

BANDO

CURSOS DE FORMACIÓN PARA DESEMPREGADOS

O concello de Frades participa no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O seu obxectivo consiste en diminuír os niveis de desemprego da provincia a través da mellora profesional das persoas desempregadas.

O proxecto inclúe un **programa formativo que combina formación teórica con experiencia laboral** en entidades e empresas da provincia de sectores económicos relacionados coa formación impartida. Ademais **ofrece apoio na procura activa de emprego** a través da titorización e seguimento persoal permanente.

DESTINATARIOS: demandantes de emprego con 18 anos cumpridos e coa tarxeta actualizada.

REQUISITOS BÁSICOS PARA INSCRIBIRSE NO CURSO:

- Superar proba física de nado en estilo libre (200 metros en catro minutos e quince segundos) e 20 metros en apnea sen impulso.
- Empadroados/as no concello

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE EN SOCORRISMO ACUÁTICO A IMPARTIR:

- **AFDP0209 SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS – 420 HORAS (340 formación teórica e 80 formación práctica).**
- **AFDP0109 SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS-370 HORAS (290 formación teórica e 80 formación práctica).**

A formación teórica-práctica realizarase no Centro de Formación de Cruz Vermella na Coruña e na Casa da Auga.

PRAZO E INFORMACIÓN: As datas para inscribirse nestes cursos son **ATA AS 14:00 HORAS DO LUNS 13 DE FEBREIRO DO PRESENTE ANO.**

As persoas interesadas en recibir **MÁIS INFORMACIÓN E SOLICITAR A INSCRICIÓN (UN MÁXIMO DE CINCO POR CONCELLO)** poderán dirixirse á área de emprego do concello de Frades, telf. 981695567

08 de febreiro do ano 2017
O Alcalde
Asdo. **ROBERTO REY MARTÍNEZ**

